



UNHA PEL INVISIBLE CONTRA O TERRORISMO

UNIDADE DIDÁCTICA
PARA VALORES ÉTICOS

1º ESO



**PROXECTO EDUCATIVO "MEMORIA
E PREVENCIÓN DO TERRORISMO"
UNIDADE DIDÁCTICA Nº 3**

EDITA

Dirección Xeral de Apoio a Vítimas do
Terrorismo. Ministerio do Interior

Dirección Xeral de Cooperación de
Avaliación e Cooperación Territorial.
Ministerio de Educación e Formación
Profesional

Centro Memorial de las Víctimas del
Terrorismo

Fundación Víctimas del Terrorismo

TEXTOS

Ricardo Arana Mariscal

DESEÑO

Dr. Drumen

TRADUCIÓN

Xoel Rodríguez Martínez

FOTOGRAFÍAS

Archivo Municipal de Bilbao-Bilboko Udal
Artxiboa (AMB-BUA)

Consejo General de la Abogacía Española

EFE

La Sexta

Pixabay

NIPO M. Interior: 126-20-073-2

NIPO M. de Educación e Formación
Profesional: 847-20-236-2

TUDO

INDIVIDUO

TEN

DEREITO

Á

VIDA,

Á

LIBERDADE

E Á

SEGURIDADE

ÍNDICE

Neste tema traballarase unha descuberta esencial para a humanidade. Algo que fai que os seres humanos non teñan prezo. A descuberta de que as persoas posúen algo que é á vez propio e común a todas elas: a dignidade humana. Mostraranse os elementos que tecen esa dignidade e tamén os perigos que a axexan, especialmente, o terrorismo. E realizarase un achegamento a quen sufriu de preto este ataque e, así, poder reflexionar mellor sobre o que se pode ou se debe facer.

Para realizar esta proposta didáctica sobre os dereitos humanos, o terrorismo e as súas vítimas, que se desenvolverá, basicamente, ao longo dunha ou dúas sesións de traballo con alumnado de 1º curso de ESO na área de Valores Éticos, tivéronse en conta as directrices curriculares en vigor, así como diversas reflexións e orientacións. Ao longo deste traballo preténdese:

1. Analizar o concepto de dignidade humana, os dereitos humanos e a súa importancia.
2. Deducir a súa relevancia mediante testemuños de vulneración directos e próximos.
3. Avaliar o dano que produce o terrorismo, evitando o protagonismo do mesmo.
4. Propiciar o rexeitamento da violencia inxusta.
5. Promover a empatía e solidariedade cara ás súas vítimas.
6. Favorecer que o coñecemento culmine nunha reflexión autónoma.
7. Combinar saberes cognitivos con aqueles de procedemento e de actitude.
8. Procurar unha dinámica reflexiva, participativa e dialogada.
9. Impulsar unha aprendizaxe activa co uso de tecnoloxías actuais.
10. Utilizar unha linguaxe sinxela e inclusiva.

04**Sesión 01****08****Sesión 02**

SESIÓN

01





En 1948 produciuse un feito excepcional. Os representantes de máis de 50 países certificaron na Asemblea Xeral de Nacións Unidas, o 10 de decembro, un gran descubrimento: os seres humanos están dotados dunha «pel invisible», unha capa que os recubre absolutamente a todos.

Para saber que son e como xurdiron as Nacións Unidas pódese obter información en <https://www.un.org/es/about-un/index.html>

Os representantes deses países non se conformaron co simple anuncio de algo que se levaba moito tempo pensando e debatendo, senón que foron máis aló e detallaron polo menos 30 «elementos», 30 «células» que compoñen ese «tecido invisible» que distingue e protexe todas as persoas en todo o mundo e en todo momento. Son os coñecidos como «dereitos humanos». Todos eles xuntos conforman esa protección que a miúdo tamén é denominada «dignidade humana».

É posible consultalos na Declaración Universal dos Dereitos Humanos: <https://www.un.org/es/universal-declaration-human-rights>




Fig. 1. Portada da Declaración Universal dos Dereitos Humanos.

Para sabelo, pódense estudar os efectos do terrorismo, un grave perigo para esa protección coa que contan todos os seres humanos.

Seguramente a estas alturas xa se sabe que é o terrorismo porque se puido atopar esa primeira definición no dicionario ou se oíu falar del. O terrorismo pódese definir como unha forma de violencia ilexítima exercida contra persoas para producir medo e condicionar as decisións, sobre todo, as de carácter político, é dicir, aquelas que afectan a organización dos seres humanos na sociedade. Para iso, o terrorismo ataca unha persoa ou un grupo mediante actos violentos executados por individuos convertidos en fanáticos, que non ven os seus semellantes como tales, senón como simples instrumentos para obter os seus obxectivos. As persoas que practican o terrorismo consideran que as súas ideas particulares están por encima de todo.

Ademais do medo que pretende estender, o terrorismo válese do odio para rabuñar, furar esa «pel invisible», a dignidade humana. Non se trata soamente do odio transmitido aos terroristas para que poidan cometer os seus ataques,

senón tamén do que se pretende xerar dentro dunha po-boación cos seus actos.

E xunto co medo e o odio, o terrorismo necesita a indiferenza. O terrorismo pretende que, ben por medo, por odio ou por indiferenza, as persoas esquezan que todas sen excepción teñen dereito á mesma protección, que todas contan coa mesma «pel».

E é que ademais, a «protección invisible», esa pel chamada «dignidade humana» ten unha característica moi especial: está conectada coa do resto da humanidade. Todas as persoas de todas as culturas comparten a mesma «pel». Se se permanece sen facer nada ante o ataque a unha persoa, a propia dignidade tamén se debilita. E pola contra, é fortalecida protexendo e axudando unha vítima.

ETA, a organización terrorista que máis mortes causou en España, anunciou a súa disolución en 2018, pero o risco de atentados terroristas persiste debido, especialmente, ao terrorismo xihadista, que é «unha forma de terrorismo global que mestura relixión e política».

Fig. 2. A filósofa Adela Cortina no acto de entrega da XX edición dos Premios Dereitos Humanos. Conferencia Anual da Avogacía 13-12-2018. Fotografía: Consejo General de la Avogacía Española.





Fig. 3. Mozos consolando unha vítima dun atentado xihadista (Barcelona, 17/08/2017). Fotografía: Armengou Miret, EFE.

COMO SE PODE PROTEXER OU AXUDAR UNHA DUN ACTO TERRORISTA?

Esta imaxe de agosto de 2017 permite reflexionar sobre iso. Nela aparecen tres persoas, momentos despois de se producir un atentado xihadista nunha cidade española. Sabes onde e cando ocorreu? Que crees que pasou?

Que lle puido acontecer á persoa que oculta o seu rostro? E á persoa que está de pé? Hai unha terceira persoa. Que crees que está a facer? Que che suxire a imaxe?

Fíxate ben no quiosco que aparece na imaxe. Hai unha palabra que destaca na súa publicidade. Cal é? O que expresa esta palabra pode ter algo que ver coa túa reflexión?

Filósofos gregos da antigüidade como Sócrates ou Platón rexeitaban facer algo inxusto de forma voluntaria, pero tamén sinalaban que unha inxustiza non se resolve con outra inxustiza. Estás de acordo en aplicar esta idea no caso dos atentados terroristas?

SESIÓN

02





Fig. 4. Enterro en San Vicente de Alcántara (Badaxoz) de José María Piris, neno de 13 anos morto en Azkoitia ao estalar unha bomba de ETA dirixida contra un garda civil (29/03/1980). Fotografía: Europa Press, AMB-BUA.

A democracia é un sistema que non só ampara o comportamento digno das persoas, senón que o esixe, como lembraba a filósofa española María Zambrano. Por iso, a dignidade da persoa está presente nas normas xurídicas que serven para regular a nosa convivencia. Esa «pel invisible» da humanidade aparece no artigo 10.1 da Constitución española dentro do Título I que enuncia os dereitos e deberes fundamentais, considerando a dignidade humana o fundamento da orde política e social.

Podes buscar ese artigo do texto constitucional dunha forma moi sinxela: teclea no teu buscador preferido de Internet o termo «constitución española». O máis conveniente é que elixas a ligazón ao Boletín Oficial do Estado.




Fig. 5. Portada da Constitución española.


As persoas son libres porque poden tomar decisións libremente. É unha parte fundamental da súa dignidade. Por iso, cando tentan asustalas para tomar decisións que non queiren tomar, están a asaltar a súa dignidade. Aínda que parece fácil darse conta, a miúdo, custa entender os riscos que axexan esta «pel invisible» que todas as persoas teñen e que sofre graves ataques, como, por exemplo, o terrorismo.

Os atentados terroristas inflúen na vida das persoas, de forma directa e terrible, cando son vítimas dos mesmos, aínda que non haxa un resultado de morte ou feridas graves. Aínda máis, o dano que producen nin tan sequera se limita ao número de vítimas directas que ocasiona.



Pode verse un caso concreto nesta reportaxe de televisión. Pódese atopar tecleando nun buscador en Internet, entre comiñas, o nome dunha dos seus protagonistas, Irene Villa, e o título do programa: *¿Dónde estabas entonces? (Onde estabas daquela?)*. Nel aparecen varias vítimas dun gravísimo atentado terrorista.

Fig. 6. Un grupo de bombeiros inspecciona os entullos do aparcadoiro da terminal T4 do aeroporto de Barajas, en Madrid, destruído por unha bomba de ETA, buscando dúas persoas desaparecidas (02/01/2007). Fotografía: Alberto Martín, EFE.



AS SEGUINTE PREGUNTAS FACILITAN A REFLEXIÓN SOBRE ESTA REPORTAXE:

De todas as persoas que aparecen na reportaxe, Irene, M^a Jesús e Virginia, quen ou quen deben ter a consideración de vítima do terrorismo e por que?

Que secuelas lles deixou o atentado? Diferencia as perdas en cada unha das persoas que son entrevistadas.


Fíxate nesta frase de M^a Jesús: «A máis prexudicada de todas foi Virginia». Por que o di?

Fíxate nestoutra frase que pronuncia: «Iso (unha bomba) pónenllo a xente importante». Crees que reflicte a verdade?

«A maior discapacidade non é levar unha prótese, senón o odio e o rancor» adoita dicir Irene Villa cando lle preguntan sobre a súa situación. Compartes esta idea?

Tanto Irene como M^a Jesús asumen con humor os chistes que se fan sobre elas. Virginia non o ve igual: «A min, se mo di ela faime moita graza, pero se mo di outro...». Que opinas? Farías chistes sobre vítimas de atentados terroristas?

ESTUDACHES COMO FUNCIONA A «PEL INVISIBLE» QUE TEÑEN OS SERES HUMANOS, O IMPORTANTE QUE É PARA AS SÚAS VIDAS, E ALGÚNS DOS ATAQUES QUE PODE PADECER. ANOTA, COMO CONCLUSIÓN, QUE CREES QUE PODERÍAS FACER PARA COIDALA E PROTEXELA (LEMBRA QUE A COMPARTEN TODAS AS PERSOAS) E QUE NON DEBERÍAS FACER OU, POLO MENOS, TERÍAS QUE EVITAR.



UNIDADE DIDÁCTICA
PARA VALORES ÉTICOS

1º ESO

